



TRÁMITE: Certificado do acordo.

José Luis Mato Rodríguez, secretario Xeral do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o día 20.10.2025, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

“5.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS NOS COLEXIOS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DURANTE AS ANUALIDADES 2025-2026-2027. 2025/SUBDIREC/000022.

Sométese a votación a inclusión do asunto na sesión plenaria, resultando ratificada a urxencia por asentimento unánime dos membros presentes (23).

De orde da Presidencia, o Secretario dá conta do ditame favorable emitido pola comisión de Benestar Social, cultura e dinamización sociocultural en data 16.10.2025, sobre a proposta que figura no asunto.

(Intervención do concelleiro delegado da área de Dinamización Social e Cultural)

Sen máis intervencións realízase votación ordinaria e, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes (23), acorda:

“Primeiro: Declarar o especial interese público e/ou social da actividade a financiar aprobando a concesión dunha subvención á FANPA (NIF G36020311) para apoiar as actividades complementarias que se van realizar durante o período 2025-2027, nos termos previstos no convenio regulador da axuda e polos importes que se sinalan no mesmo (2025: 258.000,00€, 2026: 273.000€ e 2027: 288.000€)

Segundo as previsións presentadas a achega económica financiará na primeira anualidade ata o 65,87 %, do importe do gasto total do programa subvencionado, prevéndose un financiamento, nas futuras anualidades, dun 67,13 % e 68,14 % respectivamente

Segundo: Aprobar o gasto polo importe que corresponda, con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinale no informe da Intervención Xeral para o ano 2025 estando supeditado o resto de anualidades a existencia de crédito axeitado e suficiente.

Terceiro: Aprobar o texto do convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente, redactado por este servizo xestor, documento co CSV:2XW55KRJGTHOCGBS.”

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

